

## CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE ERASMUS+ PARA O CURSO ACADÉMICO 2024-2025

O CIFP Audiovisual de Vigo convoca dez prazas de mobilidade internacional para docentes dentro do marco do programa Erasmus+ para o vindeiro curso 2024-2025.

Erasmus+ é o programa da UE que apoia a educación, a formación, a mocidade e o deporte en Europa. Para o período 2021-2027, o programa fai especial fincapé na inclusión social, a dobre transición ecolóxica e dixital e o fomento da participación das persoas mozas na vida democrática.

O Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), adscrito ao Ministerio de Educación, é a axencia encargada de xestionar en España todo o relativo ao Programa de Aprendizaxe Permanente da Unión Europea. Na súa páxina web pódese atopar toda a información relativa ao programa Erasmus+ ([www.sepie.es](http://www.sepie.es)).

O programa Erasmus+, dentro do campo da Educación Superior, abrangue distintas accións. Dende o noso centro xestiónase a acción KA131: mobilidade de estudantes e persoal entre países do programa. O programa Erasmus+ concede axudas ao profesorado e persoal administrativo que desexe impartir docencia (Staff Teaching Assignment – STA) ou recibila (Staff Mobility for Training - STT). Tamén se pode asistir a aulas como ouvinte, tanto en centros públicos como privados ou empresas do sector (Jobshadowing).

### Tipos de mobilidades para profesorado 2024-2025

O presente documento establece o procedemento para a participación nas actividades de mobilidade de persoal docente no marco do Programa Erasmus+ durante o curso 2024-2025.

Con carácter xeral hai **dous tipos de mobilidades**:

1. Mobilidade de **persoal para docencia** nunha institución de educación superior en posesión dunha Carta Erasmus de Educación Superior (ECHE). As actividades poden ser moi variadas: seminarios, talleres, cursos, conferencias, etc. As accións docentes deben comprender un mínimo de 8 horas lectivas á semana (ou período de estancia inferior).

2. Mobilidade de persoal docente para **recibir formación nunha institución** de acollida que pode ser: unha institución de educación superior en posesión dunha (ECHE) ou calquera organización de carácter público ou privado que resulte de proveito para a súa aplicación na labor docente no CIFP Audiovisual de Vigo. Pode consistir en actos de formación ou aprendizaxe por observación.

## Obxectivos

1. **Xeral (común a todas as mobilidades):** realizar contactos con empresas do sector para posibles prácticas do alumnado.
2. **Específicos da mobilidade:** job shadowing, formación, alianzas con centros para proxectos en común ou para colaboración na procura de empresas para prácticas do alumnado, etc

## Duración da estancia

A estancia de persoal está limitada a un **máximo de cinco días**.

## Requisitos dos solicitantes

1. Para poder participar na presente convocatoria os solicitantes deberán ter destino no **CIFP Audiovisual de Vigo**, tanto no momento de presentar a solicitude como no momento de realizar a mobilidade.

O profesorado que tendo un mínimo de dous anos de antigüidade no centro, previo ao 1 de setembro de 2024, e que non realizase unha mobilidade no curso 2023-2024 terá **prioridade** para realizala no curso 2024-2025.

2. **Máximo de persoas realizando a mobilidade:** 2
3. **Período de mobilidades.** As mobilidades concedidas poderán realizarse dende o 20 de xaneiro até o 31 de xullo de 2025. Inicialmente, terán unha duración financiada máxima de 5 días de actividade e 2 días de viaxe para poder permitir a realización do maior número de mobilidades

posible. No caso de ter fondos suficientes, no momento de facer o convenio de subvención informarase das contías exactas.

#### 4. Incompatibilidades coas mobilidades Erasmus +

##### a. **Datas de realización. Prohibición** nos seguintes períodos:

- Días de avaliación
- Días de exposición de proxectos (para o profesorado dos tribunais)
- Días de prácticas interciclo (para o profesorado implicado nas mesmas)
- Días da auditoría: interna e externa
- Día de reunión para a elección de horarios

b. **Elección das datas.** Elixiranse polo profesorado afectando o menos posible ás súas clases a actividades do centro. Se a maioría das horas as imparte en 2º de ordinario, deberán realizarse no período da FCT. En todo caso, a mobilidade planificarase intentando afectar o menos posible á formación do alumnado.

c. **Concesión dunha licenza.** A concesión de licenzas é incompatible coa participación ou coordinación, no período comprendido entre o 15 de setembro de 2024 e o 30 de xuño de 2025, en programas Erasmus+. Instrución da [Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria](#).

d. O profesorado que realice **outro tipo de mobilidade internacional (por exemplo CARTES)**, non poderá ser beneficiario dunha mobilidade da presente convocatoria.

### Compromisos dos adxudicatarios

Os adxudicatarios, persoal docente do programa de mobilidade Erasmus+, adquiren os seguintes compromisos:

- **Divulgar a súa experiencia** aos estudantes a través da súa labor docente e ao resto do persoal do centro nuns claustros Erasmus que se realizarán durante o curso 2024/2025
- **Buscar empresas e crear alianzas** con organizacións no país de acollida para as mobilidades de alumnado e para futuros proxectos. (BIP, KA2)
- **Entregar documentación e evidencias da súa estancias** (Video, fotos, textos para a web)
- **Preparar material e actividades** para que o alumnado continúe coa súa formación durante o período da mobilidade, empregando a aula virtual do centro e enviando a información á xefatura de estudos con antelación suficiente.

## Axudas económicas

O importe da axuda individual variará en función de:

- Grupo ao que pertenza o país de destino
- Tramos de distancia publicados pola AN (Agencia Nacional)
- Se o medio de transporte empregado é catalogado como sostible.

### 1. Viaxe – Contribución ao custo da viaxe:

Distancias	Viaxe estándar – Importe	Viaxe ecolóxica - Importe
Entre 0 e 99 Km	23€ por participante	
Entre 100 e 499 Km	180€ por participante	210€ por participante
Entre 500 e 1999 Km	275€ por participante	320€ por participante
Entre 2000 e 2999Km	360€ por participante	410€ por participante
Entre 3000 e 3999Km	530€ por participante	610€ por participante
Entre 4000 e 7999Km	820€ por participante	
8000 Km ou máis	1500€ por participante	

### 2- Apoio individual para a mobilidade física:

País de destino	Persoal de países do programa
	Importe diario en EUR
Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia	120
Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	105
Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	90

## Pagos

Os pagos realizaranse en dous prazos:

**Primeiro pago:** no mes anterior ao comezo da mobilidade realizarase un pago correspondente 80% do importe total,

**Segundo pago:** Unha vez finalizada a estadía o profesorado deberá achegar a documentación xustificativa requirida na convocatoria así como cumprimentar a enquisa da Comisión Europea sobre o impacto da mobilidade. Entón, farase o ingreso correspondente ao 20% restante do total da axuda financeira

## Forma de entrega da solicitude

As solicitudes do profesorado serán realizadas a través do formulario online que o profesorado poderá descargar da páxina web da escola. Este formulario enviarase ao enderezo electrónico [internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal](mailto:internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal) xunto coa documentación dos méritos alegados recollida no baremo.

Deberá comunicarse a Xefatura de estudos as datas da realización da mobilidade, mínimo cunha semana de antelación, coa finalidade de planificar as actividades a realizar polo alumnado.

O profesorado deberá, ademais, entregar o **anexo V** da solicitude de permiso.

## Fase de selección e baremo

Baremarase en primeiro lugar ao profesorado que tendo un mínimo de dous anos de antigüidade no centro, previo ao 1 de setembro de 2024, non realizase unha mobilidade no curso 2023-2024.

Excepcionalmente, se quedaran prazas desertas, aplicarase o mesmo baremo ao resto do profesorado solicitante.

CRITERIOS SELECCIÓN	DOCUMENTACIÓN	BAREMO	
A. Experiencia docente nas especialidades do profesorado do centro (105, 018, 119, 229)	Certificación acreditativa	5 anos ou máis	3 puntos
		3 a 5 anos	2 puntos
		1 a 2 anos	1 punto
		Máximo: 3 puntos	
B. Competencia lingüística no idioma extranxeiro do país de acollida.	Certificación acreditativa segundo o MCER (Marco Común Europeo de Referencia)	Nivel C1 ou superior	5 puntos
		Nivel B2	4 puntos
		Nivel B1	3 puntos
		Máximo: 5 puntos	
C. Competencia lingüística en inglés.	Certificación acreditativa segundo o MCER (Marco Común Europeo de Referencia)	Nivel C1 ou superior	5 puntos
		Nivel B2	4 puntos
		Nivel B1	3 puntos
		Máximo: 5 puntos	
D. Carta de invitación.	Achega unha carta de invitación ou do programa de mobilidade asinado pola institución/empresa*	2 puntos	
		Máximo: 2 puntos	
E. Participación previa no Programa Erasmus +	Declaración responsable do/da interesado/a	Participación por primeira vez	3 puntos
		Participación por segunda vez	2 puntos
		Participación por terceira ou máis veces	1 punto
		Máximo: 3 puntos	
		<b>TOTAL</b>	

O proceso de baremación será levada a cabo por unha comisión formada polas xefaturas dos departamentos de Calidade, de Información e Orientación profesional e de Programas Internacionais do CIFP Audiovisual de Vigo.

## Prazos

21 de outubro	Publicación e difusión da convocatoria
Do 27 ao 29 de novembro	Período de presentación de solicitudes.
9 de decembro	Publicación da listaxe provisional de docentes seleccionados/as.
10, 11 e 12 de decembro	Prazo de reclamacións.
13 de decembro	Publicación da listaxe definitivo de docentes seleccionados/as.
17 de febreiro de 2025	Data límite para aceptación ou renuncia de bolsa.

## Procedemento das reclamacións

As reclamacións terán de prazo o acordado nas Bases da Convocatoria (ver taboa de prazos). Faranse mediante un escrito dirixido a Coordinación de programas internacionais e no que se atenderá a alegación en base aos criterios establecidos nas baremacións da convocatoria.

## Trámites a seguir ao longo do proceso

### Antes de comezar a estancia

Unha vez publicada a resolución definitiva da convocatoria, os adxudicatarios deberán cumprir os seguintes trámites:

- Presentar o formulario de datos bancarios ou fotocopia de datos da conta bancaria na que adxudicatario sexa titular para o ingreso da bolsa.
- Presentar o programa de traballo ou de ensino asinado pola institución de acollida en prazo. Asinar o convenio de Subvención e o convenio co centro no prazo que se estableza.
- Seguir os trámites necesarios para asegurarse a cobertura sanitaria no país de destino (Tarxeta Sanitaria Europea e/ou seguro sanitario equivalente).

- Xestionar a súa viaxe, aloxamento, seguro de asistencia en viaxe, permiso de estancia, no seu caso, e realizar calquera outra xestión necesaria para asegurar a permanencia no destino durante todo o período indicado no convenio.
- Tramitar a solicitude de permiso á Dirección, polo menos un mes antes de realizar a estancia.

**A documentación que o beneficiario levará ao país de destino será a seguinte:**

1. Carta de admisión do centro
2. Programa de mobilidade
3. Certificado de estancia
4. DNI / Pasaporte.
5. Tarxeta Sanitaria Europea e/ou seguro sanitario equivalente.
6. Póliza (xestión e pago por parte do centro)

**Durante a estancia**

Os adxudicatarios deberán:

- Incorporarse ao centro/empresa/organismo de destino nas datas previstas, permanecer no mesmo durante a totalidade da estancia indicada no convenio de subvención e levar a cabo o plan de mobilidade acordado.
- Contactar coa oficina de relacións internacionais ou coordinador Erasmus no centro de destino en función do tipo de mobilidade.
- Informar da súa chegada á coordinadora de programas internacionais.
- Informar das incidencias na maior brevidade posible.

**Ao regreso**

Os seguintes trámites son obrigatorios:

Entregar á coordinadora de programas Internacionais, nun prazo máximo de quince días desde chegada ao centro de traballo:



1. Certificado de confirmación da estancia asinado e selado pola Institución, empresa, ou organismo de destino, sen riscadas nin emendas, expedido (asinado e selado) pola dirección ou coordinación Erasmus+ do departamento ou da facultade da institución de acollida, ou polo responsable da empresa/organismo, no que se especifiquen datas de estancia, número de horas lectivas e confírmese que se seguiu a planificación prevista, ou as modificacións se as houber, tendo en conta que a data da certificación ten que ser igual ou posterior á data de finalización da estancia. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.
2. O informe final en liña (cuestionario UE) en función da mobilidade realizada. O adxudicatario recibirá un correo electrónico antes da finalización da súa mobilidade. A coordinadora Programas Internacionais deberá ter constancia do envío do cuestionario no momento de presentar a documentación requirida.
3. Memoria Final do participante. Cada participante deberá realizar unha memoria da súa experiencia que enviará a coordinadora de programas internacionais nos 15 días seguintes a súa chegada. Ditas memorias publicaranse na web erasmus do centro e quedarán arquivadas para posteriores actividades: charlas, presentacións, información sobre os centros de destino, etc.
4. Participación no claustro Erasmus+ ao final do curso onde exporá brevemente a súa experiencia e como esta contribuíu á estratexia de internacionalización do centro: contactos para colaboracións entre centros e para a realización de prácticas en empresas do noso alumnado.

NON SE REALIZARÁ O PAGO DA AXUDA ECONÓMICA SEN A PRESENTACIÓN DOS DOCUMENTOS EN FORMA E PRAZO.

O INCUMPLIMENTO DESTAS BASES EN CASO DO PROFESORADO QUE REALICE A MOBILIDADE, CONLEVARÁ A SÚA EXPULSIÓN DO PROGRAMA NESTE CIFP DURANTE 4 CURSOS ACADÉMICOS

## INFORMACIÓN

Coordinación de Programas Internacionais

[internacional.cip.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal](mailto:internacional.cip.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal)